



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ACTA DA MESA

Reunidos na Casa do Concello de Vedra, sendo as 9.30 horas do día 11 de xaneiro de 2018, os integrantes da Comisión de selección da bolsa de emprego público temporal-convocatoria de monitor de servizos culturais e educativos, designada por Resolución da Alcaldía nº 469/2017 do 22 de novembro:

Presidente: Don Carlos J. Méndez-Losada Abalo.

Vogais: Don Juan Manuel Corral Sánchez, Dona Rosario Iglesias Iglesias e Dona M^a de la Cruz Vilas Giadanes.

Experta: Dona Carmen Adela Sábio Sanz.

Actúa como Secretaria da Mesa a funcionaria Dona Mercedes Pereiras Caldelas.

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local en Sesión Ordinaria celebrada o 11 de maio de 2017 (BOP nº 96/17, do 24 de maio).

Unha vez recibida e valorada a única reclamación presentada, desestímase polos seguintes motivos:

1.- Revisada a documentación presentada por dona Lidia Rodríguez Penas a efectos de baremación de méritos, non queda acreditada a experiencia “*no desempeño dun posto de traballo de igual ou similar categoría e contido profesional ao convocado*”, posto que tanto no contrato como no resto de documentación presentada fai referencia en todo momento ao posto de “auxiliar” pero non indica o posto concreto.

2.- Os contratos aos que se refire dona Lidia Rodríguez Penas, unha vez revisada novamente a documentación (vida laboral), suman un total de 27 días, e como indica na Base Oitava das Bases que rexen a convocatoria da Bolsa de Emprego: “*Polo desempeño dun posto de traballo de igual ou similar categoría e contido profesional ao convocado: a razón de 0,30 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 6 puntos. Non se computarán os períodos inferiores a un mes.*”

Atendendo ao exposto propóñense como integrantes da bolsa de emprego pública temporal-monitor de servizos culturais e educativos, a todos/as os/as candidatos/as que superaron o proceso de selección según orde de puntuación de maior a menor.

Dáse por rematada a reunión ás 10.30 horas.